

Eu, Daniel Uxío Reinoso Maset, con DNI 36161298-P, e con domicilio en Camiño de Rioboo 51, Vigo, como licenciado en historia e veciño de Vigo, **expoño que:**

- 1) Como é ben coñecido, Vigo é unha cidade vencellada dende sempre ao mar, e conta cun inmenso patrimonio industrial-portuario. Así é recoñecido no documento de *Catálogo* (do patrimonio cultural) da *Revisión do PXOM* aprobado inicialmente, que no capítulo 1. *Memoria. Xustificación do Catálogo e dos seus elementos.*, apartado *Patrimonio Industrial* di “**O soporte do patrimonio industrial de Vigo comprende basicamente a zona portuaria**” (páxina 50). Ou, Na *Memoria Xustificativa. Parte de Información. Anexo. Estudo da Paisaxe.* no apartado 5. *Valores paisaxísticos. 5.2 Valores culturais e patrimoniais* (páx. 31), valórase: “**O patrimonio industrial e portuario de Vigo conta con elementos de gran valor estético composto por diferentes contedores e instalacións vencellados co mar que constitúen algúns dos fitos de referencia da cidade (...)** **As paisaxes industriais e portuarias, caracterizadas por conxuntos fabrís de importancia histórica, altos valores arquitectónico e simbólico, e paradigma da arquitectura industrial dos séculos XIX e XX, son creadoras da identidade da cidade.**” ”.
- 2) No *Catálogo do PXOM do 2008* protexíanse os **dous edificios para armadores construídos ao inicio da Avenida de Beiramar** cara 1950 pola Xunta de Obras do Porto de Vigo. A ficha tiña o código *A_039* e a denominación *-Oficinas para armadores-*.
- 3) No *Borrador da Revisión do PXOM* presentado á *Avaliación Ambiental Estratéxica* este mesmo elemento aparecía na *Memoria Informativa*, no cadro 3.3.4 “*Relación de elementos patrimoniais incluídos no inventario*”, co código *A-026*; e, así mesmo, os dous edificios destas *-Oficinas para armadores-* aparecían marcados no plano de información 8. *Elementos do patrimonio cultural e natural inventariados ou delimitados.*
- 4) No *Documento da Revisión do PXOM* aprobado inicialmente, estas *-Oficinas para armadores-* aparecen igualmente na *Memoria Xustificativa, Información (Tomo I)*, no homónimo cadro 3.3.4. “*Relación de elementos patrimoniais incluídos no inventario*” ; e, así mesmo, aparecen sinalados os dous edificios no pertinente plano de información 8. *Elementos do patrimonio cultural e natural inventariados ou delimitados.* Pero, **nesta nova versión da documentación da Revisión PXOM estas -Oficinas para armadores- non teñen ficha no Catálogo e non aparecen sinalados no plano de ordenación 5. Catálogo.**
- 5) **O sucedido** nos puntos 3) e 4) desta exposición **repítese co estaleiro de Roberto na Rotea (Teis)**, que é denominado nos devanditos documentos da *Revisión do PXOM* como *-Carpintería de ribeira en Teis-*, co código *I-016*.
- 6) **As -Oficinas para armadores- son bens incluídos no Catálogo de patrimonio cultural de Galicia** en virtude da súa inclusión no Catálogo de patrimonio cultural do PXOM do 2008 e a aplicación do artigo 30 da Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 7) **A -Carpintería de ribeira en Teis- é un ben incluído no Catálogo de patrimonio**

cultural de Galicia en virtude da súa inclusión no Catálogo do Plan Básico Autonómico e o devandito artigo 30 da LPCG.

- 8) *No Documento do Catálogo da Revisión do PXOM* aprobado inicialmente, no apartado 1.3.3. *Elementos culturais*, hai un epígrafe, *Revisión do catálogo vixente*, de significado confuso, que comeza co seguinte parágrafo:

“No proceso de análise do catálogo vixente e consulta das diversas fontes bibliográficas, documentais, dos inventarios e despois das necesarias verificacións realizadas nos traballos de campo detectáronse unha serie de situacións que afectan ás fichas do Catálogo do 2008 e que son actualizadas na presente Revisión, segundo recomendación da DXPC, referidas a elementos demolidos, desmontados ou desaparecidos...”

E (despois dun cadro nº 1.3.12. *Demolidos, desmontados ou desaparecidos*), continúa co parágrafo **“Detéctanse no Catálogo do Plan Xeral do 2008 varios elementos incluídos en ámbitos de ordenación subsidiarios e que se relacionan a continuación...”**, seguido do cadro nº 1.3.13 *Bens en instrumentos de ordenación subsidiarios*, no que, entre outros bens culturais en zona de servizo portuario, inclúense as devanditas *-Oficinas para armadores-* e a *-Carpintería de ribeira en Teis-*.

En conclusión, semella que o equipo redactor do *Catálogo da Revisión do PXOM* aprobado inicialmente seguiu certa *“recomendación da DXPC”* para excluír os devanditos bens de patrimonio portuario porque están nun *“instrumento de ordenación subsidiario”*.

Non obstante, **en toda a documentación da Revisión do PXOM** aprobado inicialmente non se especifica cal é esa *“recomendación da DXPC”*, nin tampouco cal é ese *“instrumento de ordenación subsidiario”* (podéndose, quizais, sobrentender que se trata do *Plan Especial do Porto de Vigo*), nin o artigo legal que obriga ou faculta a excluír do Catálogo do PXOM devanditos bens de patrimonio portuario.

Pero, **eu alego**:

- 1) O Concello de Vigo está lexitimado para actuar en defensa do seu patrimonio cultural (art. 5 da LPCG).
- 2) É máis, *“As entidades que integran a Administración local en relación cos bens de patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: a) Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural d) Exercer, así mesmo, as demais funcións que teñan expresamente atribuídas en virtude desta lei”* (art. 3 da LPCG).
- 3) E, entre esas funcións das entidades locais, atópase a de incluír no *Catálogo da Revisión do PXOM* todos os bens inmoebles de patrimonio cultural *“situados no ámbito territorial que desenvolvan”*, bastando para elo que a *“entidade local”* o *“indique motivadamente”* (LPCG: art. 35). Sendo unha obriga que o realicen cos bens incluídos no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia como son as devanditas *-Oficinas para armadores-* e *-Carpintería de ribeira en Teis-*

- 4) O artigo 52 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia obriga explicitamente a que os PXOM inclúan un catálogo de patrimonio cultural.
- 5) Pola contra, o artigo 73 da LSG, *Plans especiais de infraestruturas e dotacións*, non di explicitamente que este tipo de plans deban incluír un catálogo do patrimonio cultural do seu ámbito.
- 6) De feito, o Plan Especial do Porto de Vigo vixente non ten catálogo do seu patrimonio cultural.

Polo tanto, **hai un baleiro na protección e posta en valor do patrimonio cultural portuario-industrial de Vigo**, e o actual proceso de **Revisión do PXOM e o seu Catálogo de Patrimonio Cultural é unha circunstancia na cal o Concello de Vigo debe actuar** para protexer o noso patrimonio cultural, tal e como lle obrigan as leis e o sentido do ben común.

E así, tamén **alego**:

- 7) Que o artigo 56 *do Real Decreto Legislativo 2/2011 por el que se aprueba el Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e a Mariña Mercante* non aplica neste caso, xa que **a catalogación de bens de patrimonio cultural de tipo industrial-portuario non implica necesariamente “incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria e de sinalización marítima”** da Autoridade Portuaria de Vigo.
- 8) Isto é así, especialmente, en virtude do **artigo 105 da LPCG de Galicia**, “*Criterios para a intervención no patrimonio industrial*”, que xa prevé a **compatibilidade da protección e conservación do patrimonio industrial e as “concesións de carácter administrativo que permitan a súa explotación nos termos xerais das actividades correspondentes”**.

E por último **alego**:

- 9) **No trámite de consultas para a Avaliación Ambiental Estratéxica Ordinaria do PXOM do concello de Vigo** (Expediente: 2020AAE2445), no *Documento de Alcance*, na parte de resumo das “*observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas*”, no epígrafe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia, **non se explicita que dos devanditos elementos de patrimonio industrial-portuario deban ser excluídos do Catálogo da Revisión do PXOM de Vigo**, en virtude de estar incluídos no ámbito dun “*instrumento de ordenación subsidiario*”, e pola contra, si explicita que: “*Os instrumentos de planeamento urbanístico incluírán necesariamente no seu Catálogo todos os bens inmobles do patrimonio cultural situados no ámbito territorial que desenvolvan, no momento da aprobación inicial da figura de planeamento*”.

Polo tanto, eu, en virtude do anteriormente alegado, e os meus dereitos e deberes que como

cidadán teño en relación ao patrimonio cultural (artigo 5 LPCG, artigo 4 art. 44 e 46 da Constitución Española), **solicito:**

a) **A inclusión no Catálogo da Revisión do PXOM de Vigo das devanditas -Oficinas para armadores- e a -Carpintería de ribeira en Teis-**. Coa súa correspondente ficha e correcta sinalización no pertinente plano de ordenación.

b) **A inclusión no Catálogo da Revisión do PXOM destes outros bens de patrimonio industrial-portuario**, coa súa correspondente ficha e correcta sinalización no pertinente plano de ordenación (inclúo tamén proposta de nivel de protección):

Nome	Coordenas	Nivel de protección
Talleres Alfaro	42°11'37.0"N 8°48'02.5"W	Estrutural
Estaleiro de Lagos	42°13'30.7"N 8°45'03.2"W	Integral
Estaleiro Freire (Bouzas)	42°13'31.1"N 8°44'58.9"W	Ambiental
Naves e peirao de conservas Alfageme	42°13'31.1"N 8°44'55.7"W	Integral
Estaleiro Armada	42°13'31.8"N 8°44'52.1"W	Ambiental
Estaleiro Cardama	42°13'32.5"N 8°44'44.5"W	Ambiental
Estaleiro Freire (San Gregorio)	42°13'34.3"N 8°44'36.2"W	Ambiental
Estaleiro Armón (antigo Santodomingo)	42°13'31.4"N 8°44'30.1"W	Ambiental
Naves portuarias (Conservas Orbe)	42°13'29.6"N 8°44'33.0"W	Estrutural
Naves portuarias (Naval Cervera)	42°13'29.6"N 8°44'31.2"W	Estrutural
Factoría frigorífica AUCOSA	42°13'31.8"N 8°44'28.3"W	Estrutural
Estaleiro Barreras	42°13'34.7"N 8°44'21.5"W	Ambiental
Guindastre tipo Derrick	42°13'36.8"N 8°44'16.8"W	Integral
Almacén de conservas Albo	42°13'40.4"N 8°44'12.8"W	Estrutural
Talleres Gestido	42°13'42.6"N	Estrutural

	8°44'11.8"W	
Taller Emanasa	42°13'44.0"N 8°44'10.3"W	Estrutural
Frigoríficos del Berbés	42°13'44.8"N 8°44'09.2"W	Estrutural
Factoría frigorífica Pescanova (Avd. De Beiramar)	42°13'46.6"N 8°44'09.2"W	Estrutural
Conxunto de catro naves para talleres/almacéns (Nuñez Vigo e outros, esquina Avd. De Beiramar con Travesía de Jacinto Benavente)	42°13'47.6"N 8°44'08.5"W	Estrutural
Factoría Frigorífica (antiga Pescapuerta, actual Pescanova)	42°13'47.6"N 8°44'07.4"W	Estrutural
Conxunto de dous naves para talleres/almacéns (antiga M. Bera e outros, esquina Avd. De Beiramar con Travesía de Jacinto Benavente)	42°13'49.8"N 8°44'06.7"W	Estrutural
Almacén frigorífico (antiga Gabrielitos, despois Pescanova)	42°13'49.1"N 8°44'05.6"W	Estrutural
Talleres Baliño	42°13'49.8"N 8°44'07.1"W	Estrutural
Depósitos da Repsol	42°13'50.9"N 8°44'06.7"W	Estrutural
Factoría frigorífico Pereira	42°13'51.6"N 8°44'06.4"W	Estrutural
Factoría Frigoríficos de Vigo (Dársena nº 4 Berbés)	42°14'13.1"N 8°44'04.2"W	Ambiental
Naves para armadores (Dársena nº 1 Berbés)	42°14'17.5"N 8°43'54.8"W	Estrutural
Caseta portuaria (Espigón dársena nº 1 Berbés))	42°14'16.8"N 8°43'51.6"W	Integral
Nave de rederos (actual "Portocultura")	42°14'21.1"N 8°43'44.8"W	Estrutural
Depósitos do cable	42°14'25.8"N 8°43'47.6"W	Estrutural
Almacéns Casa Pepe	42°14'33.4"N 8°43'34.0"W	Estrutural
Almacéns da froita (actual "Tinglado do porto")	42°14'27.2"N 8°43'07.7"W	Estrutural
Dous guindastres tipo luffing (peirao do comercio, fóra de servizo)	42°14'28.0"N 8°43'05.2"W	Integral
Conxunto de dous edificios de naves para empresas estibadoras (aliñación nº1 do Areal)	42°14'26.2"N 8°42'51.8"W	Ambiental
Nave portuaria para empresas estibadoras (aliñación nº2 do Areal)	42°14'28.0"N 8°42'42.1"W	Ambiental
Edificio de tres naves para empresas estibadoras (aliñación nº3 do Areal)	42°14'32.3"N 8°42'32.8"W	Ambiental

Edificio de dous naves para empresas estibadoras (aliñación nº3 do Areal)	42°14'32.3"N 8°42'35.6"W	Ambiental
Nave e depósitos de AFAMSA	42°14'30.1"N 8°42'38.9"W	Ambiental
Silos de Cementos Tudela	42°14'35.5"N 8°42'36.4"W	Ambiental
Estaleiro Vulcano	42°15'02.5"N 8°42'11.9"W	Ambiental
Estaleiro Cardamiña (actual Montenegro)	42°15'25.6"N 8°41'31.6"W	Ambiental
Estaleiro Ascón (actual Metalships&Docks)	42°15'29.2"N 8°41'17.2"W	Ambiental

En Vigo, a 7 de xaneiro de 2022.